

XORNADA

XELA ARIAS E
LUÍSA VILLALTA:
LETRAS, INTERARTES,
PROXECTOS NA FIN DE SÉCULO

CONSELLO DA CULTURA GALEGA
SANTIAGO DE COMPOSTELA
26 DE MARZO DE 2014



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Os temperás falecementos de Xela Arias (1962-2003) e Luísa Villalta (1957-2004) truncaron hai dez anos unhas vidas que, sendo sen dúbida singularísimas na súa condición persoal, foron tamén representativas da progresión que desde mediados dos anos 80 supuxo a presenza das mulleres como axentes, referentes e xestoras culturais no país. Unha e outra, desde as súas localizacións prioritarias en Vigo e A Coruña, participaron en intervencións colectivas, promoveron iniciativas, exploraron relacións interculturais a través da tradución e doutras vías experienciais e discursivas e sentiron, ademais, a atracción por indagaren nos espazos intersticiais en que as diferentes artes converxen por uns ou outros motivos e derivas.

A xornada pretende manter viva a memoria da súa produción literaria, así como dos diversos vínculos que nas súas vidas ambas foron trazando con proxectos de notábel repercusión na recente historia cultural galega. A isto dedícanse as achegas que profundarán nos seus respectivos perfís estético, intelectual e político, así como as centradas directamente nas súas poéticas persoais como autoras dun relevante corpus poético e, en xeral, como escritoras. Estas análises contarán co reforzo antes mencionado de tratar de ver nelas un signo da emerxencia da presenza das mulleres -autoras no espazo cultural dos pasados anos 80 e 90 (asociacionismo, publicacións e creacións colectivas, relacións co movemento feminista, promoción de foros, etc.).

Nun marco de condición menos académica, máis marcada pola exploración interartística (música, fotografía, danza e artes escénicas, artes plásticas...), a xornada amosará, así mesmo, a vixencia do discurso literario e intelectual de Luísa Villalta e Xela Arias. A xeito dun laboratorio de prácticas no espazo interartes preséntanse, por unha banda, proxectos en que traballaban ambas as autoras cando a morte se lles presentou sen previo aviso e, por outra, intervencións nalgún sentido interpretativas encomendadas a outras artistas sobre a poesía escrita polas poetas coruñesa e luguesa.

PROGRAMA

SESIÓN DA MAÑÁ

09:30 horas
Presentación da xornada
Ramón Villares
María Xosé Agra Romero
Rosario Álvarez Blanco

**PERFÍS ESTÉTICOS,
INTELECTUAIS E POLÍTICOS**
Presenta e modera: **Dolores Vilavedra**

10:00 horas
Cuestionar a orde das cousas.
A intervención poética, cultural
e política de Xela Arias
Chus Nogueira

10:30 horas
Alta cidade de Luísa
Xosé M^a. Álvarez Cáccamo

11:00 horas
Coloquio conxunto

11:30 horas
Pausa

**AS MULLERES NAS PRÁCTICAS
CULTURAIS DOS 80 E OS 90**
Presenta e modera:
Margarita Ledo Andión

12:00 horas
Notas a un tempo de linguas, corpos
e muros
Helena González

12:30 horas
Axendas diversas e colaboracións
complexas: feminismos,
representacións e prácticas
políticas no final de século
no Estado español
María Ruído

13:00 horas
Coloquio conxunto

13:30 horas
AUDIOVISUAL
Xela e a palabra / Música e poesía
en Luísa Villalta
Illa Bufarda

14:00 horas
Coloquio

SESIÓN DA TARDE

16:30 horas
**ANDAR A CIDADE, ANDAR O CORPO.
ACHEGAS CRÍTICAS SOBRE POÉTICAS,
TOPOGRAFÍAS, XÉNERO(S), MUNDOS**
Presenta e modera: **Carme Vidal**
Interveñen: **Estíbaliz Espinosa, Rexina
Vega e Antón Lopo**

17:30 horas
Coloquio

18:00 horas
**INTERARTES: LABORATORIO
E EXPERIENCIAS**
Presenta e modera: **Uxía Senlle**

Videopoema(s) (Xela Arias)
Antía Otero
Da poesía e o silencio. Ensaio arredor
dos textos de Luísa Villalta
nenoescuro
Lectura fotográfica de *En concreto*,
Luísa Villalta
Maribel Longueira
Creación músico-poética *Vencerse é
cousa de se tratar*, de Xela Arias
2US e Iolanda Zúñiga

19:15 horas
Coloquio

20:00 horas
Clausura
Arturo Casas Vales
Ana Romaní Blanco

ORGANIZA:

Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega

COLABORA:

Sección de Lingua, Literatura e Comunicación do Consello da Cultura Galega

COORDINA:

Ana Romaní Blanco e Arturo Casas Vales

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205

Inscripción:

A inscrición é gratuíta no sitio web www.consellodacultura.org
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.
Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.
Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

Só se garantirá a distribución de material divulgativo impreso ás persoas previamente inscritas na actividade.

Máis información:

www.consellodacultura.org
difusion@consellodacultura.org
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.org/mediateca>



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Pazo de Raxoi, 2º andar.
Praza do Obradoiro, s/n.
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205